

PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DAS MULLERES NO CONCELLO DE CARBALLO

Fundamentación

O II Plan de igualdade de oportunidades pretende avanzar e afondar nos cambios sociais que contribúan a facer realidade o principio de igualdade entre homes e mulleres no ámbito do noso Concello, que xa foron iniciados con anterioridade no I Plan de igualdade de oportunidades das mulleres do Concello de Carballo.

Nace, polo tanto, da convición de que as políticas de igualdade benefician ao conxunto da poboación e son necesarias para avanzar cara a unha sociedade que poida denominarse democrática e xusta.

A nosa intención é contribuír á corrección da discriminación das mulleres propoñendo unha serie de actuacións moi concretas que camiñen cara á igualdade real. Para conseguir isto, é necesaria unha actuación conxunta de moi diversos axentes. Só así, contemplando a cuestión de xénero no conxunto das actuacións municipais e non só aquelas promovidas pola área da muller, será posible unha intervención municipal coherente. É preciso apuntar neste senso que no noso Concello contamos cunha Concellaría da Muller e cun Centro de Información á Muller que se encargan de marcar as liñas de actuación neste campo e de que se executen todas aquelas medidas que se decidan levar a cabo.

A igualdade de oportunidades entre homes e mulleres é un dereito básico recollido na Constitución española. Ninguén pode negar que se avanzou moito nos últimos trinta anos neste sentido; doutro modo tampouco ninguén poderá negar que aínda queda moito por avanzar e consagrar na vida real, no día a día duns e outras para que poida falarse dunha igualdade verdadeira sen ferir ás/aos que, dunha ou outra forma, sofren na súa persoa unha discriminación de calquera tipo.

Conscientes pois da necesidade de realizar este Plan, debido a que a construción social no século XXI aínda está baseada no «modelo patriarcal», que foi atribuíndo espazos de actuación diferentes en función do sexo das persoas, de modo que os homes interviñeron e se manifestaron nos espazos públicos, actuacións colectivas, decisións políticas, etc., e as mulleres quedaron relegadas ao ámbito privado, espazo doméstico, coidado da familia, etc. Deste xeito quedaron asignados socialmente papeis diferentes para as mulleres e para os homes, que lle atribúen competencias desiguais a ambos, e negáronlle dereitos públicos ás mulleres, que aínda hoxe seguen viventes, e reflíctese esa sociedade do patriarcado en todos os ámbitos: educación, dereito, medios de comunicación, etc.

No longo percorrido para acadar a igualdade entre homes e mulleres, é evidente a necesidade de reforzar e complementar as medidas lexislativas coas accións específicas. Neste senso convén considerar as actuais propostas comunitarias para acadar a igualdade, propostas que insisten na necesidade dunha estratexia global, incluíndo todas as políticas comunitarias que teñen como obxectivo promover a igualdade por medio de dous tipos de intervención: unha intervención de carácter proactivo –integrando a igualdade en todas as políticas e programas (*mainstreaming*)– e unha intervención reactiva –aplicando medidas concretas (accións positivas) dirixidas a mellorar a situación das mulleres na sociedade–.

As propostas comunitarias insisten na necesidade da transversalidade –incorporación da dimensión da igualdade e da perspectiva de xénero no conxunto das políticas e actuacións municipais–, na necesidade da acción positiva –acción orientada especificamente ás mulleres–, na necesidade de cooperación –impulso dunha liña de acción común nas diferentes áreas municipais–, e na necesidade de participación de toda a sociedade para fortalecer os mecanismos de participación do tecido social. Estes elementos constitúen os principios orientadores dos obxectivos e accións que se incorporan neste II Plan municipal para a igualdade de oportunidades das mulleres do noso Concello. Asemade, insístease na necesidade de levar a cabo a avaliación como instrumento imprescindible para validar a utilidade das intervencións políticas.

Para a elaboración deste Plan de igualdade tivéronse en conta as directrices europeas e outros elementos como a traxectoria do Concello nos temas de igualdade, o ámbito

de igualdade, o ámbito territorial, as distintas experiencias e resultados das políticas de igualdade, o I PIOM de Carballo e, asemade, as posibilidades concretas de intervención da propia Concellaría de Muller.

Por todo isto, a Concellaría de Muller do Concello de Carballo e o Centro de Información á Muller teñen entre os seus obxectivos a redacción e aprobación deste II Plan municipal de igualdade de oportunidades para as mulleres, no que queremos contar coa implicación de todas as áreas municipais.

As liñas de acción propostas susténtanse en decisións, non exentas de riscos, que pretenden responder ás necesidades detectadas e ás demandas expresadas, priorizando áreas, obxectivos e accións e, asemade, concretando a estratexia, a responsabilidade e a poboación destinataria. A concreción de todos estes aspectos debe facilitar e garantir a implementación do plan permitindo levar a cabo o proceso de avaliación inicial, intermedia e final.

O período de vixencia deste II Plan de igualdade de oportunidades do Concello de Carballo será do 1 de xaneiro de 2005 até o 31 decembro do 2008; xa que o ámbito municipal é o ámbito privilexiado de intervención, tanto pola súa proximidade á poboación-obxectivo como polo coñecemento do contorno e dos recursos existentes. É nese ámbito onde se producen e se expresan as necesidades e demandas concretas das persoas, e por iso son os concellos os que deben desenvolver e aplicar propostas coherentes para satisfacelas. Para fomentar a igualdade e combater a discriminación, a normativa vixente dota ás corporacións locais de competencias complementarias.

Ademais, é o ámbito municipal onde con máis facilidade se pode conseguir a participación e colaboración da cidadanía e das entidades sociais no deseño de medidas, así como a súa posta en práctica e a súa avaliación.

OBXECTIVOS

Obxectivo xeral

Este PIOM pretende ser o marco de referencia de todas as políticas municipais relacionadas coa igualdade de oportunidades perante a introdución do principio do *mainstreaming* nas políticas municipais.

Obxectivos específicos

- Fomentar a cooperación intersectorial para acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Fomentar a participación das mulleres na esfera social e política.
- A concienciación dos homes e das mulleres sobre a importancia do reparto de responsabilidades e a súa sensibilización e implicación na acción de conciliación da vida laboral e familiar.
- Promover o reparto equitativo de tarefas e funcións para homes e mulleres tanto no ámbito privado como no público, máis alá dos estereotipos tradicionais.
- Velar para que as informacións que difundan os medios de información municipais e, no seu caso, os programas producidos por eles, non conteñan imaxes degradantes e/ou discriminatorias para as mulleres.
- Proporcionar formación en políticas de igualdade para as/os responsables da política municipal e para o persoal técnico do Concello, para que apliquen os coñecementos adquiridos dentro das súas políticas e normas de actuación.
- Favorecer o acceso e a participación das mulleres nas distintas actividades culturais, de ocio e tempo libre.
- Creación de políticas activas de formación e emprego destinado a mulleres.
- Velar pola non discriminación en razón de sexo en materia laboral.
- Apoio e fomento do asociacionismo como fonte de participación.
- Promover a investigación e a difusión de propostas de cambio nos usos da linguaxe como elemento clave nos procesos educativos e de comunicación.
- Velar para que na imaxe pública que o Concello de Carballo transmite a través de diversas ferramentas informativas non sexa sexista ou discriminatoria.
- Favorecer desde a administración municipal a aplicación de recomendacións existentes en materia de igualdade de oportunidades e trato entre mulleres e homes.

METODOLOXÍA

Este Plan elabórase a partir do traballo realizado polo persoal do Centro de Información á Muller, e a metodoloxía empregada para a súa confección será a seguinte:

- En primeiro lugar realizarase unha consulta de diversas fontes bibliográficas sobre a temática da muller así como de distintos plans xa elaborados. Teremos en conta tamén o I Plan de igualdade xa elaborado no noso Concello.
- Farase unha recollida de información da situación das mulleres no noso municipio. Para iso, solicitaránselle datos específicos desagregados por sexos ao Concello e a outras institucións que acheguen información de utilidade.
- Convocaranse reunións co fin de establecer a colaboración coas distintas concellarías, institucións e organizacións de mulleres que teñen presenza no noso Concello.
- Publicación e difusión do plan.

DATOS DEMOGRÁFICOS DO CONCELLO DE CARBALLO


Perfil da poboación



Carballo amosa a cara máis urbana de todos os concellos da comarca de Bergantiños, e é ademais o que ten maior número de habitantes, cun total de 29.754, dos cales 15.271 son mulleres (51,32%) e 14.483 homes (48,68%). (Datos procedentes do Padrón de habitantes do Concello de Carballo actualizados en outubro do 2004).

Como proba desta peculiaridade, pódese sinalar que é un concello no que ao longo dos últimos vinte anos a poboación foi en aumento aínda que de forma moderada, ao redor do 7%.


A distribución por sexos entre a poboación manifesta unha porcentaxe feminina lixeiramente superior nas cifras globais. Esa superioridade é produto da forte descompensación rexistrada a partir dos 65 anos, grupo de idade no que as mulleres supoñen o 10,63% fronte ao 7,86% da poboación masculina, mentres que no intervalo de idade máis novo, menores de dezaseis anos, predomina o sexo masculino, o 7,12% fronte ao 6,35% do sexo feminino.

Habitantes Vigentes por Sexo




	Hombres	14.483
	Mujeres	15.271
<hr/>		
	Total de Habitantes	29.754

Pirámide de edades por Sexo en Habitantes Vigentes




	Hombres	Mujeres	Totales por Grupo
1)...Hasta 5 años	772	634	1406
2)...Entre 6 y 15 años	1347	1265	2612
3)...Entre 16 y 30 años	3115	3208	6323
4)...Entre 31 y 64 años	6910	7001	13911
5)...Entre 65 y 74 años	1387	1653	3040
6)...Entre 75 y 90 años	917	1397	2314
7)...91 años o más	35	113	148

Habitantes Vigentes por Distrito y Sexo



Nacionalidad por Sexo en Habitantes Vigentes



A situación das mulleres no Concello de Carballo

Son moi diversas cuestións as que lle afectan ás mulleres do Concello de Carballo, e en función da idade ou da forma de vida a problemática varía; no entanto, pódense sinalar as seguintes como as dificultades que se observaban con maior frecuencia.

En primeiro lugar, as múltiples trabas para atopar un emprego aféctanlles fundamentalmente ás mulleres mozas. A consecuencia desta ausencia de traballo, e polo tanto da falta de ingresos, é a dependencia do home, sexa parella ou pai, o que as obriga a asumir desde ese momento unha posición de desigualdade. En caso de contar cunha actividade laboral aparecen outros problemas engadidos, xa sexa a precariedade do posto de traballo ou a dificultade para compatibilizar a actividade laboral coa vida familiar no caso de non optar por abandonar o traballo polo nacemento dun fillo ou dunha filla.

Con respecto ás mulleres da terceira idade, a dependencia económica do marido é xeneralizada. A iso hai que engadirle as seguintes circunstancias: o illamento e o escaso acceso aos recursos do Concello, sobre todo entre as que viven fóra do núcleo urbano, sumando unha sobrecarga de traballo, xa que polo xeral continúan atendendo o fogar.


Nivel educativo

Polo que respecta aos indicadores do nivel educativo da poboación do Concello de Carballo, cómpre destacar, en primeiro lugar, que a taxa de analfabetismo – porcentaxe de analfabetos sobre a poboación de 16 e máis anos– é neste Concello superior á rexistrada para o conxunto da comunidade galega, e evidénciase ademais como a poboación feminina se ve máis afectada, en consonancia coa tendencia xeral.

Parte da problemática esbozada con respecto á situación das mulleres garda relación cun baixo nivel formativo, o que ten importantes implicacións no mercado de traballo.

Reflexo da desigualdade apuntada entre homes e mulleres é o feito de que o 3,76% do total da poboación que non sabía ler nin escribir, segundo o padrón municipal de habitantes actualizado en outubro do 2004, era de sexo feminino, fronte ao 2,82% que era do sexo masculino. Non obstante, este desequilibrio formativo favorable aos homes corríxese nos niveis máis elevados de formación, no que a cifra de mulleres se volve lixeiramente superior: o 1,73% das mulleres fronte ao 1,31% dos homes.

Nivel de Instrucción por Sexo en Habitantes Vigentes



miércoles, 06 de octubre de 2004

GPOB040-Nivel de instrucción

FONTE: Padrón municipal do Concello de Carballo (datos actualizados en outubro do 2004).

O mercado laboral

Dos datos reflectidos da Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais do ano 2001 extráese que entre as mulleres tanto a taxa de actividade como a de ocupación son moi inferiores ás masculinas, pero tamén son inferiores á media das mulleres galegas.

POBOACIÓN DE CARBALLO DE DEZASEIS E MÁIS ANOS, SEGUNDO SEXO E EN TOTAL, POR RELACIÓN COA ACTIVIDADE ECONÓMICA. VALORES ABSOLUTOS E ESTRUTURA PORCENTUAL DESAGREGADA

RELACIÓN COA ACTIVIDADE	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
ACTIVOS/AS	7.470	30,8	4.966	20,5	12.436	51,3
Ocupados/as	6.762	27,9	4.325	17,9	11.087	45,8
Parados/as	708	2,9	641	2,6	1.349	5,5
En busca do primeiro emprego	90	0,4	126	0,5	216	0,9
Con emprego anterior	618	2,5	515	2,1	1.133	4,6
INACTIVOS/AS	4.146	17,2	7.640	31,5	11.786	48,7
Xubilados/as	2.404	9,9	1.853	7,7	4.257	17,6
Pensionistas	431	1,8	998	4,1	1.429	5,9
Estudantes	813	3,4	1.148	4,7	1.961	8,1
Labores domésticos	77	0,3	3.092	12,8	3.169	13,1
Outra situación	421	1,7	549	2,3	970	4,0
TOTAL	11.616	48,0	12.606	52,0	24.222	100,00

Fonte: IGE. Censos de poboación e vivendas 2001. Datos provisionais.

POBOACIÓN OCUPADA DE CARBALLO, SEGUNDO SEXO E EN TOTAL, POR OCUPACIÓN

OCUPACIÓN	HOMES		MULLERES		TOTAL	
	Abs.	%	Abs.	%	Abs.	%
Dirección de empresas e admón. pública	792	7,1	464	4,2	1.256	11,3
Técnicos/as profesionais científicos/as e intelectuais	224	2,0	320	2,9	544	4,9
Técnicos/as e profesionais de apoio	443	4,0	322	2,9	765	6,9
Empregados/as de tipo administrativo	216	1,9	272	2,5	488	4,4
Traballadores/as de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	365	3,3	707	6,4	1.072	9,7
Traballadores/as cualificados/as na agricultura e na pesca	272	2,5	298	2,7	570	5,1
Artesáns/ás e traballadores/as cualificado/as das industrias manufactureiras, da construción e da minaría	2.844	25,7	827	7,5	3.671	33,1
Operadores/as de instalacións e maquinaria e montadores/as	1.045	9,4	781	7,0	1.826	16,5
Traballadores/as non cualificados/as	525	4,7	328	3,0	853	7,7
Forzas armadas	36	0,3	6	0,1	42	0,4
TOTAL	6.762	61,0	4.325	39,0	11.087	100,0


Fonte: IGE. Censos de poboación e vivendas 2001. Datos provisionais.

En canto aos postos públicos do propio Concello, os datos recollidos poñen de manifesto a reducida presenza do colectivo feminino no cadro de persoal da institución municipal. De feito, as mulleres só ocupan o 20,6% do total de prazas existentes. Entre o persoal funcionario o peso das mulleres concéntrase entre os/as auxiliares administrativos/as, ademais de postos illados de interventora, tesoureira, bibliotecaria, animadora socio-cultural e traballadora social. No caso do persoal funcionario a desproporción entre os dous sexos vén sobre todo motivada pola concentración dos homes en postos de policía e operarios.

Finalmente, entre o persoal contratado laboral hai un total de 121 persoas, das cales 74 son homes e 47 mulleres.

Nos postos públicos alleos á Administración local obsérvase unha maioría de mulleres nos centros de ensino, sobre todo no nivel de educación primaria; pola súa parte, entre o persoal sanitario as diferenzas veñen dadas polo posto ocupado: as mulleres dominan nos postos de enfermería e os homes nos de médicos.

ESTADISTICA DO PARO- DISTRIBUCIÓN POR IDADES



FONTE: Datos extraídos da Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, ano 2004. Elaboración propia.

Participación política e asociacionismo

A análise da participación política e asociacionismo no municipio de Carballo, desde a perspectiva de xénero contemplada neste punto, faise con base en tres indicadores: presenza nos órganos da administración local, militancia en partidos políticos e asociacionismo.

A presenza feminina na corporación local está representada por 5 mulleres que forman parte do pleno, dun total de 21 persoas, das cales tres ocupan concellarías.

Os datos da afiliación política de todos os partidos do Concello de Carballo analizados apuntan que en xeral o número de homes afiliados representa un 70% fronte ao 30% que comprende o colectivo feminino.

No tocante ao apartado de asociacionismo no noso Concello, é preciso apuntar a existencia dun gran movemento asociativo de moi diversos ámbitos (cultural, socio-sanitario, veciñal, educativo, de lecer, empresarial, ONG), e destacan entre as asociacións catro especificamente de mulleres. Dos datos recollidos podemos precisar que a presenza feminina no número de asociados/as é maioritaria, e tamén se está a incrementar o número de mulleres nos postos directivos.

ÁREAS DE ACTUACIÓN

As áreas nas que vai incidir o noso Plan de igualdade adaptaranse á análise da realidade. Pensamos traballar as seguintes áreas:

AREA 1: Área de educación, cultura, deporte e medios de comunicación

O sistema educativo constitúe un instrumento de cambio fundamental e permite avanzar na loita contra a discriminación e a desigualdade. É preciso potenciar unha nova filosofía pedagóxica, desde a perspectiva coeducativa que fomente actitudes, valores e capacidades que promova o desenvolvemento das diferentes identidades persoais e cree modelos educativos non discriminatorios que combatan as desigualdades sociais, entre elas as que se producen en función do xénero.

No ámbito da cultura as administracións locais teñen competencias, é polo tanto moi importante que se potencie a participación das mulleres en todo tipo de actividades.

Obxectivos:

- Diminuír as desigualdades que se sustentan no xénero e incorporar os valores da cultura feminina como igualmente necesarios para desenvolvérmonos como persoas a partir da nosa propia identidade.
- Incrementar o acceso e a participación das mulleres ás distintas formas de cultura que se producen no seu contorno e, así mesmo, rescatar e potenciar a creación artística e cultural das mulleres co fin de superar a desigualdade existente, valorando máis os seus talentos e experiencias como elementos enriquecedores da vida cultural da nosa sociedade.
- Impulsar a coeducación e a educación integral das persoas por medio de intervencións sensibilizadoras, informadoras e formadoras implicando a toda a comunidade escolar e ás persoas e colectivos vinculados á educación.
- Difundir o Plan de igualdade nos centros educativos.

- Incentivar a práctica do deporte nas mulleres de todas as idades, evitando calquera tipo de discriminación e procurando que existan espazos e horarios axeitados.
- Apoiar ás mulleres con cargas familiares para que poidan acudir ás actividades culturais municipais con servizos de gardarfa e ludoteca
- Garantir que na programación cultural xestionada polo departamento de educación e cultura non se oferten actos que discriminen de forma directa ou indirecta ás mulleres e ou ás nenas.
- Apoiar a creación cultural realizada por mulleres, co fin de que poidan ser non só consumidoras, senón tamén creadoras.
- Diversificar as actividades deportivas e fomentar unha participación equilibrada entre os sexos nos distintos deportes.

Accións:

- Facilitarlles ás mulleres que o necesiten o acceso á formación ocupacional, orientándoas para que a utilicen como parte da súa estratexia para acceder ao emprego.
- Desenvolver programas para a inserción laboral das mulleres.
- Combater os estereotipos sexistas nos materiais didácticos e nos currículos.
- Adecuar a educación permanente ás necesidades específicas das mulleres.
- Realizar cursos de aprendizaxe ou perfeccionamento para mulleres que contemplan o seu proceso formativo (informática, mecánica...)
- Sensibilizar a comunidade escolar no principio de igualdade de oportunidades entre rapaces e rapazas.
- Promover a práctica deportiva en nenas e mulleres fomentando as actividades non sexistas.
- Ofrecerlles cada curso académico ás ANPA dos centros públicos e privados concertados, talleres de coeducación ou escolas de pais e nais para educar en igualdade.
- Organizar en colaboración cos centros educativos e con carácter anual, coincidindo coa celebración do 8 de marzo, un concurso que verse sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, dirixido a escolares de Educación Primaria e Secundaria.

- Programar unha política cultural ampla, non elitista nin discriminatoria por razón de xénero nin de nivel educativo, realizando actividades culturais e de ocio que respondan ás expectativas e posibilidades de participación das mulleres.
- Impulsar a realización de seminarios sobre as mulleres en colaboración coa Universidade da Coruña.
- Mostrar a través de exposicións colectivas, as actividades artísticas e técnicas realizadas por mulleres.
- Fomentar actividades culturais entre os colectivos de mulleres que debido a unha problemática social sofren unha situación de marxinação, acercándolles as manifestacións culturais aos colectivos de mulleres máis desfavorecidos.
- Divulgar as manifestacións culturais que incorporen unha visión non sexista da sociedade.
- Realizar cursos de aprendizaxe para homes sobre os labores domésticos tradicionalmente femininos (cociña, limpeza do fogar, atención e coidado de enfermos/as e anciáns/ás...)
- Potenciar desde o Concello, en colaboración cos centros educativos, a realización de xogos escolares mixtos, incluíndo así a igualdade de oportunidades na práctica do deporte infantil e xuvenil.
- Realizar talleres relativos á produción cultural (creación literaria, fotografía, vídeo, cine, teatro...) e dirixidos ás mulleres do municipio.
- Ampliar os fondos das bibliotecas municipais de Carballo con obras sobre o pensamento e a teoría feminista, a produción artística e científica realizada por mulleres, sobre temas relacionados coa igualdade de oportunidades (coeducación, feminismo, emprego, formación...).
- Incluír nas bibliotecas municipais unha selección de contos e libros de literatura infantil que teñan en conta a igualdade de oportunidade e non reproduzan valores e estereotipos tradicionais.
- Apoiar ás veciñas de Carballo e da comarca que destaquen na creación artística, dando a coñecer a súa obra a través de exposicións, publicacións, concertos, etc.
- Dar a coñecer nos medios de comunicación locais as competicións femininas e, en xeral, o deporte realizado por mulleres, así como realizarlles entrevistas.

- Promover a realización de competicións de equipos mixtos, especialmente infantís, en todas as actividades deportivas.
- Sensibilizar ao profesorado, ás asociacións de pais e nais de alumnos/as, etc., no fomento da práctica de actividades físicas e deportivas consideradas tradicionalmente femininas e á inversa, á práctica de calquera actividade deportiva por parte das nenas, sen que exista discriminación por razón do xénero.
- Potenciar a creación de medios informativos comarcais.
- Reclamar da Consellaría de Educación que se garanta na rede pública a existencia do ensino infantil en todos os colexios.

Área 2: Formación, emprego e corresponsabilidade da vida persoal, familiar e laboral

É preciso compartir a vida profesional e familiar de mulleres e homes. Para isto, a pesar de que a administración non ten competencias explícitas, debemos ampliar na medida do posible a oferta de servizos sociocomunitarios que permitan a cobertura das necesidades básicas para así favorecer a incorporación ao mercado laboral.

Obxectivos:

- Promover a formación das mulleres co fin de favorecer a súa incorporación e continuidade no mercado laboral e mellorar as súas oportunidades de emprego.
- Promover a inserción plena e estable das mulleres no mercado de traballo.
- Fomentar a participación das mulleres na actividade empresarial.
- Promover o desenvolvemento e adecuación dos servizos e recursos sociocomunitarios que permitan que as mulleres e os homes compatibilicen a súa vida persoal e familiar coa actividade profesional.
- Promover a creación dun centro de día
- Fomentar a contratación paritaria dentro da Administración local.
- Promover a formación de cooperativas de mulleres.

Accións:

- Favorecer o acceso das mulleres ao mercado de traballo, contribuíndo, deste xeito, á superación da cotiá discriminación laboral por razón de xénero.
- Fomentar nas súas contratacións e en igualdade de condicións, medidas de acción positiva encamiñadas a conseguir postos de traballo para as mulleres.
- Fomentar a participación das mulleres nos cursos de capacitación para a súa incorporación ao mundo laboral.
- Abrir a escola infantil pública, con horarios axeitados aos laborais.
- Potenciar a creación do servizo de madrugadores/as nas escolas.
- Provisións para atender ás nenas e aos nenos durante as vacacións (escolas de verán, campamentos urbanos...).
- Ampliar o servizo de axuda no fogar, principalmente para enfermos/as crónicos/as, terminais e discapacitados/as.
- Estudar a posibilidade de ofertar un servizo de asistencia, atención e coidado de nenos e de nenas.
- Realizar políticas que eviten a segregación ocupacional das mulleres, que incentiven a creación de empresas e o emprego autónomo, así como a igualdade no acceso ao emprego, a promoción, a retribución, e o recoñecemento do traballo que fan as mulleres.
- Recoller no convenio colectivo o permiso por paternidade.

Área 3: Saúde integral da muller

Non existen competencias municipais en atención sanitaria. Os ámbitos de actuación desde a Administración local constitúeno fundamentalmente os aspectos informativos, educativos e preventivos con relación á saúde.

Obxectivos:

- Potenciar e impulsar hábitos de vida saudables nas mulleres que favorezan o seu autocoidado, ao tempo que se intensifica a súa atención durante todo o seu ciclo vital.

- Reforzar o desenvolvemento de programas relacionados cos problemas de saúde de maior incidencia nas mulleres.
- Potenciar os servizos de asistencia a enfermos/as crónicos/as e terminais.

Accións:

- Realizar obradoiros, grupos, reunións específicas que traballen aspectos preventivos da saúde como a alimentación sa, a importancia das revisións médicas periódicas, o coñecemento do propio corpo, auto-observación, autoestima, a hixiene, habilidades sociais, exercicio físico, elixindo os aspectos máis prioritarios en función da idade das mulleres e das condicións socioeconómicas.
- Realizar actividades específicas de información dirixidas ás propias mulleres sobre diferentes aspectos que lle afectan de forma diferencial á súa saúde.
- Impulsar liñas de actuación dirixidas a outros colectivos de mulleres, como o de mulleres inmigrantes, mulleres que exercen a prostitución, mulleres con discapacidade, ou outros que se consideran de intervención prioritaria.
- Realizar programas de educación sexual para a mocidade e para adultos/as.
- Apoiar campañas preventivas sobre infeccións de transmisión sexual, facendo especial fincapé na SIDA.
- Sensibilizar a opinión pública sobre os problemas derivados dos trastornos na alimentación, especialmente anorexia e bulimia e a súa incidencia nas adolescentes.
- Promover e impulsar actuacións dos/as profesionais sanitarios/as para a detección precoz da violencia de xénero a través da aplicación dos protocolos existentes para tal efecto.
- Realizar campañas de información e prevención do cancro xenital e de mama.
- Atender os problemas de saúde laboral derivados da inserción laboral precaria.
- Reclamarlle ao SERGAS que asuma a obrigatoriedade de prestar a todas as mulleres servizos específicos de saúde (xinecoloxía, obstetricia, etc.), garantindo que no centro sanitario público estes servizos cubran totalmente as necesidades.
- Realizar campañas de información e prevención de drogadicción.

- Atender os problemas educativos e sanitarios das mulleres en situación de marxinalidade social.

Área 4: Urbanismo

Os concellos deben crear un contorno que contribúa a unha maior calidade de vida construíndo un espazo máis humano, organizando os espazos e facilitando o acceso aos servizos públicos e sociais, facilitando a participación de todas as persoas na vida comunitaria.

Obxectivos:

- Reorganizar o espazo urbano co fin de conciliar adecuadamente os ámbitos público e privado e crear un hábitat que contribúa a mellorar a calidade de vida de todas as persoas que habitan no Concello de Carballo.
- Concienciar ás mulleres da importancia que as decisións en materia urbanística teñen para as súas vidas.
- Facer visible nas rúas as achegas das mulleres na sociedade.
- Descentralizar servizos nos que as súas usuarias sexan maioritariamente mulleres.

Accións:

- Facer fincapé no cumprimento da normativa da lei para a promoción da accesibilidade eliminando as barreiras arquitectónicas nas rúas e locais municipais cando impidan a adecuada participación na vida social das persoas con mobilidade reducida polas limitacións físicas o por ser portadoras de coches de bebés, carros da compra, etc.
- Poñerlles a algunhas rúas, prazas, edificios e monumentos nomes de mulleres que destacaran pola súa contribución á sociedade.
- Favorecer que as familias monoparentais e as mulleres que sufran situacións de violencia doméstica teñan acceso a vivendas.

- Promover a participación do asociacionismo feminino no debate do planeamento urbano.

Área 5: Asociacionismo e participación sociopolítica e sindical

Desde a Administración local débese impulsar a participación equilibrada de homes e de mulleres en todos os ámbitos e estadios, niveis de elaboración, negociación e toma de decisións.

Obxectivos:

- Promover o asociacionismo feminino.
- Fomentar a participación das mulleres na esfera social e política.
- Impulsar a participación equitativa de mulleres e homes en todos os niveis de responsabilidade, así como en órganos de decisión e representación de actividades asociativas.

Accións:

- Fomentar do asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos sociais.
- Realizar campañas de sensibilización para as mulleres sobre a oportunidade, conveniencia e utilidade de formar parte de asociacións e organizacións de diversa índole, como medio de participación en diferentes ámbitos da vida pública.
- Apoiar a creación de novas asociacións de mulleres prestando o asesoramento axeitado.
- Potenciar a presenza de mulleres en órganos decisorios e de responsabilidade.

Área 6: Área de prevención e actuación ante a violencia de xénero

Desde o Concello debe estar garantida a atención a toda a poboación que solicite asistencia xurídica, social, psicolóxica ou asistencial.

Obxectivos:

- Dotar dun marco de referencia homoxénea todas as actuacións promovidas na comunidade dirixidas ao cambio de mentalidades e a acadar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Impulsar accións de sensibilización e prevención centradas na transmisión de novos modelos de relación igualitarios e non discriminatorios entre homes e mulleres e no uso do diálogo e respecto como ferramenta para afrontar os conflitos.
- Garantir a asistencia ás mulleres vítimas de malos tratos de servizos e recursos que posibiliten o afastamento do contexto da violencia e a súa incorporación á sociedade
- Acadar a erradicación da violencia contra as mulleres a partir de actuacións de prevención, sensibilización e apoio ás vítimas.
- Erradicar a violencia contra as mulleres, cunha proposta integral, desde a prevención nas escolas á sensibilización da sociedade, á protección das vítimas e, por suposto, a súa atención.
- Impulsar a adopción de plans integrais contra a violencia de xénero, nos que participen de maneira integrada as diversas áreas municipais e as institucións que se relacionan nalgún momento co problema, para que calquera muller que se poña en contacto con algunha delas teña unha resposta rápida e adaptada ás súas necesidades.
- Promover e facilitar a denuncia dos delitos contra a liberdade sexual e dos malos tratos.
- Ofrecer e garantir atención, recursos e alternativas ás mulleres vítimas dos malos tratos; con especial atención ás situacións de urxencia.
- Implicar activamente á cidadanía, homes e mulleres, na tolerancia cero contra a violencia de xénero, así como do movemento asociativo.
- Promover a creación de, cando menos, un piso de emerxencia.

Accións:

- Difundir os recursos municipais existentes para apoiar ás mulleres vítimas dos malos tratos.
- Desde o Centro de Información á Muller detectar situacións de violencia que estean vivindo as mulleres para poder intervir e derivalas aos recursos existentes.
- Prestar desde o Centro de Información á Muller servizos de asesoramento xurídico e psicolóxico a mulleres vítimas de malos tratos
- Informar, avaliar e tramitar a coordinación coas administracións os ingresos urxentes nas casas de acollida destas mulleres.
- Potenciar cursos de formación específica na área de violencia doméstica dirixidos a profesionais que traballen con mulleres.
- Posta en marcha dun teléfono de atención á cidadanía as 24 horas do día (información e asistencia en casos de violencia de xénero) convenientemente publicitado para o xeral coñecemento da cidadanía.
- Colaborar cos centros educativos en proxectos de educación para previr a violencia de xénero.
- Formar ao persoal profesional da seguridade cidadá para intervir desde unha política de igualdade de oportunidades e na atención e recollida de denuncias de malos tratos e agresións sexuais.
- Promover unha maior coordinación de actuacións entre os organismos implicados (Policía Local, Garda Civil...).
- Garantir servizos de información e asesoramento ás mulleres sobre dereitos e recursos aos que poden recorrer en situacións específicas.

DESTINATARIAS/OS

O noso Plan de igualdade vai dirixido á poboación en xeral do Concello de Carballo, co fin de conseguir facer real e efectivo o noso proxecto.

ÁMBITO XEOGRÁFICO

O ámbito de traballo é o Concello de Carballo, do cal coñecemos as necesidades da poboación, así como os recursos cos que conta, despois de realizar a análise.

TEMPORALIZACIÓN

O Plan será elaborado ao longo do ano 2004 e a súa posta en marcha realizarase a partir de xaneiro de 2005.

RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS

Recursos materiais:

- Oficina do CIM.
- Medios informáticos.
- Bibliografía.
- Recursos municipais.

Recursos humanos:

- Responsable do Centro.
- Avogada.
- Psicóloga.
- Nestes momentos o CIM conta cunha pedagoga do programa Labora.

AVALIACIÓN

A avaliación levarase a cabo desde dúas metodoloxías distintas:

- **Método cuantitativo:** realizarase un rexistro das actuacións postas en marcha e rematadas, e as que non puideran levarse a cabo. Contabilizarase o número de mulleres que participan en cada actividade.
- **Método cualitativo:** centrarase na información que se recolla dos diferentes axentes sociais, organismos, asociacións, departamentos implicados e destinatarias participantes nas actividades desenvolvidas, sobre o seu correcto desenvolvemento, grao de execución real, profundidade e arraigo acadado en cada actuación concreta.
- **Avaliación parcial:** farase de xeito anual unha avaliación parcial.
- **Avaliación definitiva:** ao remate de vixencia do II Plan de igualdade de oportunidades elaborárase un informe e memoria coas conclusións finais.